

PAU 2025
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

INGLÉS
(Cód. 11)

1^a PREGUNTA (2,5 puntos)

1.1. Indicate whether the following statements are True, False or the information is Not Given in the text (T/F/NG). In true and false cases, copy the part of the text which justifies your answer. (1.5 points; 0.25 each)

Consta de seis apartados. O alumnado terá que decidir se a información exposta en cada apartado é verdadeira, falsa ou non se proporciona no texto e, no caso de que sexa verdadeira ou falsa, indicar a parte concreta do texto que xustifica a súa resposta. Se non se indica “true” (T), “false” (F) ou “not given” (NG), a puntuación será de 0—téñase en conta que alumnado debe responder en inglés utilizando “true”, “false” ou “not given” e non os seus equivalentes en castelán ou galego. Se non se xustifica a resposta nos casos en que a información sexa verdadeira ou falsa, a puntuación será de 0; nos casos en que se proporcione unha xustificación coa resposta “Not Given”, a nota será de 0.

1.2. Find a synonym for each of the following words. (1 point; 0.20 each)

Consta de cinco palabras. Trátase de que o alumnado busque palabras ou grupos de palabras no texto que correspondan no seu significado a cada unha das palabras do exame.

2^a PREGUNTA (2,5 puntos)

2.1. Write a NEW sentence that has the same meaning as the given one(s). Use the word or expression in brackets. (1.5 points; 0.25 each)

Consta de seis apartados. Trátase de facer transformacións gramaticais utilizando as palabras entre parénteses e conservando o mesmo significado da oración orixinal—non vale engadir a palabra dada á oración orixinal sen facer ningunha outra transformación. As frases non teñen que estar sacadas do texto inicial. Con esta pregunta preténdese medir a competencia lingüística (gramatical) do alumnado ligada ás distintas funcións comunicativas (como formular hipóteses, dar explicacións, argumentar, suxerir, etc.). Se hai algúin erro non estrutural/sintáctico na oración (por exemplo, de ortografía, puntuación), pódese descontar 0,1.

2.2. Answer the following questions about pronunciation. (1 point; 0.20 each word)

Consta dun total de cinco elementos availables (isto é, nun apartado pode preguntarse por dúas palabras pronunciadas dunha maneira concreta). Búscase que o alumnado sexa capaz de identificar como se pronuncia/n unha ou varias palabra/s ou unha parte concreta da/s mesma/s dela. As palabras utilizadas na pregunta non teñen que estar sacadas do texto inicial.

3^a PREGUNTA (2,5 puntos)

3. In this text, fill in the gaps with the most suitable option from the four options given for each gap. (2.5 points; 0.25 each)

A pregunta, de resposta múltiple ou de encher ocos, consta dun texto que o alumnado terá que completar usando a palabra ou palabras—substantivo simple ou composto, verbo simple ou frasal, preposición, adverbio, adjetivo, expresión idiomática, etc.—que máis acaídas resulten no contexto en que aparecen. Só haberá unha opción válida como resposta para cada oco ou de entre as varias opcións presentadas. Avaliarase a capacidade do alumnado para usar a lingua de xeito preciso (a nivel léxico, ortográfico, gramatical e semántico) nunha situación concreta.

4^a PREGUNTA (2,5 puntos)

4. Answer ONE of the following subsections. (2.5 points)

O alumnado terá que escoller unha das dúas opcións de escrita e escribir o texto solicitado de acordo co xénero elixido, tanto a nivel formal coma de contido. Valoraranse os seguintes parámetros, dando sempre preponderancia ao que o alumnado fai correctamente:

- Contido e extensión: O alumnado aborda axeitadamente o tema proposto na extensión requirida de **120 palabras** (cunha marxe dun 15% porriba e por baixo dese límite). Non se repiten ideas innecesariamente. Demóstranse madurez e autonomía comunicativas. (ata 0,6 puntos)
- Riqueza e control do vocabulario: Preséntase un uso flexible e correcto dun léxico rico e variado axeitado para tema proposto segundo o nivel requerido. Arríscase no uso de certas expresións sen abusar de expresións idiomáticas. (ata 0,6 puntos)
- Corrección gramatical, ortografía e puntuación: O alumnado ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete errores gramaticais básicos, como, por exemplo, omitir ou suxeito diante dun verbo, omitir o *-s* da 3^a persoa do singular do presente simple (*she reads*), utilizar adjetivos en plural, usar incorrectamente os adjetivos posesivos e demostrativos, non dominar os tempos verbais e outros. Hai poucos errores ortográficos e empréganse correctamente os signos de puntuación. (ata 0,7 puntos)
- Cohesión e coherencia: O alumnado utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión. O alumnado é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado. (ata 0,6 puntos)

Se o contido da composición non se adecúa ao tema requerido a puntuación será de 0 puntos.